

PRESENTACIÓN da Xunta Directiva da ANPA CARAMECHEIRO do IES Nº1 de Ribeira

- MARÍA JESÚS PAZ VÁZQUEZ coma Presidenta
- REBECA CAMEÁN GARCÍA coma Vicepresidenta
- RAMONA ALBORÉS MARIÑO coma Secretaria
- MARI CARMEN GARCÍA FONTAO coma Tesoureira
- M^a NÉLIDA MOSQUERA GUDE coma Vocal
- GUSTAVO LLOVO OTERO coma Vocal
- NOLI FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ coma Vocal



Queremos presentarnos e poñernos **a vosa disposición** para calquera cousa que poidades precisar no **teléfono 634851860** por **WhatsApp** ou por correo electrónico anpacaramcheiro@gmail.com. Somos pais e nais coma vos, que traballamos de forma totalmente **altruísta** todo o ano para **representar e defender os dereitos** dos nosos fillos e fillas e dos seus pais/nais/titores legais, así coma **ofrecer servizos** que complementan a oferta actual do instituto.

- A ANPA **proporciona representación** dos pais e nais ante a **Dirección do Instituto**, no **Consello Escolar** do propio Centro e no **Consello Escolar Municipal**.
- Xestionamos un **Banco de Libros de texto** de empréstito propio da ANPA.
- Organizamos **actuacións, obradoiros e actividades para todo o alumnado** con contidos de gran relevancia social e cultural, coma obradoiros de música, teatro, graffitis, ioga, micro machismos...
- Ofrecemos **actividades para as familias** como a escola de pais e nais, con formación sobre acoso escolar, trastornos educativos, obradoiros de regueifa, Igualdade,...
- Colaboramos nas **viaxes** e excursións de interese lúdico e cultural que realiza o alumnado.
- Colaboramos con distintas asociacións da contorna coma (AECC, ANEDIA, TDAH Sanlés,...) e participamos economicamente nos premios do **Certame anual de curtas da Asociación Alberto Romero**.
- Moitas tendas e establecementos locais fan **descontos** para os nosos socios/as.
- Pertencemos a **Federación de ANPAS** da Coruña (FEDAPA) e traballamos coa Confederación de ANPAs de Galicia (CONFAPA-GALICIA) e de España (CEAPA).
- Contamos con **Seguro de Responsabilidade Civil** grazas a estar federados (FEDAPA).
- **Cumprimos coa legalidade vixente, tanto** en materia de protección de datos (LOPD) coma nos libros obrigatorios, rexistros e estado de contas da ANPA; sempre a vosa disposición, cumprindo cas obrigas que a lei e os Estatutos nos impón.
- Faremos unha **Asemblea Xeral** ordinaria no mes de **setembro**, onde presentaremos os servizos, actividades e propostas para o ano escolar que comeza.
- Asembleas **Extraordinarias** sempre que sexa preciso tratar tema de relevancia.
- E outra Asemblea Xeral ordinaria no mes de **xuño**, coa memoria de todo o feito durante o curso e coa aprobación das contas da Asociación.

Estamos nas redes sociais de **Facebook e Instagram**, e ademais, temos páxina web propia www.anpacaramcheiro.org e enlaces na **páxina web do IES nº1** de Ribeira tendes, **onde colgaremos toda a información que vaia xurdindo o longo do ano, novas, formularios, documentación, etc.**

A ANPA solicita subvencións ao Concello de Ribeira, á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia, pero sobre todo mantense grazas ás **cotas dos Socios e Socias**. Podedes facervos socios/as por **15€ por familia/ano**, mediante transferencia bancaria ao numero de conta **ABANCA ES11 2080 5497 8430 4010 6755**

Moitas grazas e un saúdo,

A Xunta Directiva da ANPA CARAMECHEIRO do IES Nº1 de Ribeira